

Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.es

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 094/2016.

O 1 de febreiro de 2016 catro membros da Corporación Municipal solicitan a convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación Municipal para tratar os asuntos que quedaron pendentes na sesión ordinaria realizada por este órgano o 28 de xaneiro de 2016.

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **18 de febreiro de 2016 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:



- 1.- Moción presentada por PGD, PSG-PSOE, Veciños de Padrón, AxP, BNG e CIPa sobre a modificación do Regulamento orgánico municipal.
- 2.- Moción presentada por PGD sobre as paradas do autobús escolar.
- 3.- Moción presentada por PGD, PSG-PSOE, AxP e CIPa sobre a entrega das actas das sesións da Xunta de Goberno Local no prazo legalmente establecido.
- 4.- Moción presentada por PSG-PSOE sobre a falla de mantemento das instalacións e recinto deportivo de Extramundi.
- 5.- Moción presentada por AxP sobre as vallas publicitarias no campo de O Souto.
- 6.- Moción presentada por AxP sobre Campo de Traballo Internacional "Padrón no camiño".
- 7.- Dación de conta da Resolución do Alcalde de modificación dos membros da Xunta de Goberno.
- 8.- Dación de conta da Resolución do Alcalde de modificación do nomeamento de Tenentes de Alcalde.
- 9.- Dación de conta da Resolución do Alcalde de modificación das delegacións de Competencias nas persoas membros da Xunta de Goberno.
- 10.- Dación de conta das resolucións adoptadas pola presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención Municipal. Reparos 16 a 19.
- 11.- Dación de conta das Resolucións do Alcalde da número 777/2015 á número 866/2015 e das Resolucións do Alcalde da número 001/2016 á número 033/2016.
- 12.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 15 de febreiro de 2016

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante-mín
A Secretaria


Asdo. Ana María Ares Álvarez